

## AVALIACIÓN DA MATERIA (ESO E BACHARELATO):

**Nota de cada avaliación: 90 %** nota dos **exames**, **10 %** traballo e esforzo amosados nas **clases**.

### Instrumentos de avaliación:

- \* comprobación do traballo na aula mediante **preguntas** orais/escritas,
- \* elaboración e presentación de **traballos** orais/escritos (calidade, orixinalidade, esforzo, corrección ortográfica e gramatical, corrección e seriedade na exposición oral e xestual, etc.),
- \* elaboración e presentación de **pequenas tarefas** orais/escritas
- \* **actividades** variadas: charlas, obradoiros, debates, xogos,..., valorándose o seu aproveitamento
- \* e resultados dos **exames** orais/ escritos.

Non se permitirá a entrega de tarefas fora de prazos.

Se nun exame de avaliación, o grupo non estivese totalmente en silencio ou houbera calquera tipo de interrupción no seu desenvolvemento, o exame suspenderase e realizarase na seguinte sesión (de non poder ser así, realizarase segundo indicará a docente).

**Nota no apartado do 90%:** será a **suma** das cualificacións obtidas nos distintos exames (estos exames poderán ser **ponderados**, segundo a amplitude do temario que abarcou cada un). Como contidos avaliábeis, inclúense os contidos das charlas, películas, documentais, xogos, obradoiros,... impartidos na avaliación.

**Nota do 10 %:** divídese en **dúas** partes voluntarias, que valen un **5 % cada unha**. Así:

**1ª parte)** Resultará da suma da nota de **2 exercicios** con igual valor (comentarios sobre novas en periódicos, Pasapalabra, pequenas tarefas de investigación, situacións de aprendizaxe e outras tarefas propostas nos apuntes, corrección do propio alumno dos seus exercicios en cor destacado, etc.) que serán:

- \* feitos na clase (preferentemente) e recollidos pola docente en calquera das sesións da materia
- \* ou elaborados na casa.

A rúbrica de **cada un** deles, será a seguinte:

	Ben:	Mal:	Regular:
Seguir as normas do enunciado e as impartidas na propia clase pola docente:	1	0	0'5
Coherencia e corrección (seguir un fiado de ideas entendible):	1	0	0'5
Corrección/presentación, orden, limpeza:	0'5	0	0'25
TOTAL:	2'5 puntos (2'5 %)	0 puntos (0 %)	1'25 puntos (1'25 %)

**2ª parte)** Resultará da avaliación dun **traballo oral** que versará sobre calquera tema impartido na avaliación e que será escollido polo propio alumno. Explicaranse na clase as normas da súa elaboración.

A súa rúbrica é a seguinte:

	Ben:	Mal:	Regular:
Conceptos impartidos na clase expostos correctamente:	1	0	0'5
Conceptos non impartidos na clase expostos correctamente:	1	0	0'5
Coherencia e corrección (seguir un fiado de ideas entendible):	1	0	0'5
Posición corporal/actitude/cumprimento do tempo	1	0	0'5
Non ler ningún documento	1	0	0'5
TOTAL:	5 puntos (5 %)	0 puntos (0 %)	2'5 puntos (2'5 %)

### Metodoloxía xeral das clases:

**1ª parte)** A docente impartirá **contidos** ou **instrucións** para elaborar as tarefas/exercicios/actividades que se desenvolverán na sesión.

**2ª parte)** O alumnado elaborará as tarefas/exercicios/actividades en silencio e individualmente (salvo outras instrucións que se darán pertinentemente).

**Ultima parte)** Corrixir na lousa, ou co proxector, as tarefas/exercicios/actividades ou realizar debates sobre o visto na clase.

Normalmente, o **principio do trimestre** se adicará a explicación de contidos e, a **parte final**, a practicalos de diferentes formas.

**Avaiacións:** será necesario acadar unha nota dun **mínimo de 5 puntos, sobre 10**, para **aprobar** a avaliación.

A avaliación será continua, polo que non se farán recuperacións: se se aproba unha avaliación, se aproban as anteriores.

Nos exames das distintas avaliacións entrará materia das anteriores.

Poderá haber máis dun exame por avaliación, dos cales se irán sumando as súas puntuacións ata alcanzar un máximo de 9 puntos (nota máxima que se pode acadar cos exames).

**Convocatoria ordinaria:** será un exame que fará o alumnado que suspenda a terceira avaliación. Será preciso obter 5 puntos sobre 10, para aprobar. Poderase esixir a entrega de tarefas non elaboradas durante o curso.

**Convocatoria extraordinaria:** será un exame que fará o alumnado que suspenda a convocatoria ordinaria. Será preciso obter 5 puntos sobre 10, para aprobar.